



INICIO DO PROCEDEMENTO DE ADMISIÓN DE ALUMNADO EN CENTROS DOCENTES SOSTIDOS CON FONDOS PÚBLICOS

CURSO ESCOLAR 2017/18

**PROCESO DE ADMISIÓN
4º E. INFANTIL - 1º E. PRIMARIA**

De acordo cos prazos establecidos na disposición adicional primeira da orde de 12 de marzo de 2013, que regula o procedemento de admisión do alumnado para o curso 2017/18, a partir do vindeiro **1 de marzo** e ata o **20 de marzo**, inicianse os trámites do devandito procedemento.

ALUMNOS/AS AOS QUE VAI DIRIXIDO:

- ⇒ **4º de E. INFANTIL:** NENOS/AS NACIDOS/AS EN 2014 (25 prazas vacantes)
- ⇒ **1º de E. PRIMARIA:** NENOS/AS NACIDOS/AS NO ANO 2011 (28 prazas vacantes)
- ⇒ **ALUMNADO PROCEDENTE DOUTROS CENTROS**

- * O formulario normalizado será facilitado gratuitamente nas oficinas do centro, poderase descargar da páxina web do colexio e tamén estará dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, na aplicación *admisionalumnado* (<https://www.edu.xunta.es/admisionalumnado>), e na páxina web da consellería de educación.
- * A solicitude deberase entregar nas oficinas do colexio (en caso de non facelo online).
- * Xunto coa solicitude deberá achegarse a seguinte documentación:
 - * Copia do DNI da persoa solicitante e dos membros computables da unidade familiar, cando denegue a súa consulta.
 - * Fotocopia do libro de familia ou documento acreditativo similar do requisito de idade do/a alumno/a.
 - * Convenio regulador ou resolución xudicial de separación xudicial ou divorcio, se é o caso.
 - * Documento acreditativo de estar en disposición de reunir os requisitos académicos esixidos para o nivel educativo ou etapa (alumnado procedente doutro centro).
 - * Certificado de inclusión no padrón municipal de habitantes (alumnado de novo ingreso).
 - * Dúas fotografías tamaño carné.
- * Deberán manifestar na solicitude se desexan ou non utilizar o servizo de transporte escolar e tamén deberán indicar se o alumno/a presenta necesidades específicas de apoio educativo (achegando, se fose o caso, a documentación que o acredite).

NOTA INFORMATIVA:

- ☛ Cada alumno/a só pode presentar unha única solicitude no centro no que solicite praza en primeiro lugar. A infracción determinará a perda dos dereitos de prioridade que poidan corresponderlle.
- ☛ O alumnado que ten garantía de permanencia nun centro, se presenta solicitude de admisión noutro distinto deberá comunicalo, ao mesmo tempo, ao centro de orixe.
- ☛ O alumnado que ten reservada praza nun centro, se presenta solicitude de admisión noutro distinto deberá comunicar a renuncia á reserva antes do inicio do prazo de presentación de solicitudes de admisión.
- ☛ As listaxes provisionais de admitidos e non admitidos serán publicadas antes do 25 de abril, podendo formular reclamación ante o consello escolar no prazo de 5 días hábiles contados a partir do seguinte ao da súa publicación.
- ☛ As listaxes definitivas de admitidos e non admitidos serán publicadas antes do 15 de maio.
- ☛ O alumnado admitido formalizará a súa matrícula do 20 ao 30 de xuño.

Cariño, 1 de marzo de 2017



María Bereijo

Asdo. María Bereijo Rodríguez